




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
 E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

 Pazo de Raxoi  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 2ª- nº 4948, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“as previsións de mellora da seguranza vial na rede de estradas da comarca do Salnés”**, (publicada no BOPG nº 116, do 8 de abril de 2006), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2006 (BOPG nº 172, do 10 de xullo de 2006), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes realiza un seguimento de todas as estradas integradas na rede autonómica, polo tanto é coñecedora do estado das mesmas e programa as súas actuacións dando prioridade ás necesidades e tendo en conta que as disponibilidades orzamentarias son limitadas.

Respecto ás estradas citadas na pregunta, esta Consellería ten programadas unha serie de actuacións encamiñadas a mellorar a comprensión de diferentes treitos destas vías que vertebran a comunicación na comarca do Salnés e que a continuación se detallan:

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Mellora da seguridade viaria na PO-316 A Lanzada (PO 550)-O Grove, treito pq. 1+800 ó 3+100.
- Mellora da seguridade viaria na PO-548 Pontecesures (N-550)-Vilagarcía de Arousa, treito pq.0+000 ó 3+000.
- Mellora da seguridade viaria na PO-549 Vilagarcía de Arousa (PO 301)-Cambados (VG-4.3), pq. 2+900 ó 4+700.
- Mellora da seguridade viaria na PO-308 Pontevedra (PO 531)-A Lanzada (VG-4.1), treito pq.4+200 ó 7+600.
- Mellora da seguridade viaria na PO-550 Cambados (VG-4.3)-A Lanzada (VG-4.1), treito pq. 5+300 ó 8+300.

Así mesmo, están programadas as seguintes actuacións:

- Mellora de intersección mediante glorieta na PO-548, travesía de Catoira. Pq. 9+200.
- Reforzo de firme na PO-548, Pontecesures-Vilagarcía, pq.2+985 ó 17+300.

Esta Consellería, partindo do seguimento anual que realiza das estradas autonómicas e en colaboración coa Asociación Española de la Carretera, está a desenvolver as actuacións pertinentes para a elaboración dun Plan Global de Seguridade Viaria para as estradas de Galicia."

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2006.

O director xeral de Relacións Parlamentarias,



Miguel Guillermo Varela Flores.

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia.-